

Día a día con diabetes

Ciclo: 1º

Tema: Excursións e campamentos

PROFESOR

ALUMNO



www.fundaciondiabetes.org

As excursións co cole case sempre son divertidas e fanse cousas especiais (coñecer sitios interesantes, xogar, comer bocadillo, ver a profesora en roupa de deporte...).

Se Carol se prepara ben, pode gozar exactamente igual ca ti.

Os pais de Carol encárganse de planear con ela ese día tan especial, calcular canta insulina debe poñer, que vai comer, etc.

Pero tamén pasan cousas imprevistas e é por iso polo que lle din que ten que medir a súa glicosa máis veces para comprobar que todo está en orde.

Non te sorprendas se ves o teu compañeiro ou compañeira todo o día co aparato na man. Non é porque estea mal. É porque así poderá facer as mesmas cousas ca ti.

O que Carol debe levar sempre á man é:



O aparato para medir a glicosa.



O picador para poder sacar unha gota de sangue.



Unha pluma de insulina.



Pedras de azucre ou zume, por se o necesita.